






# CEIP BARRIÉ DE LA MAZA




(22/05/2024)




## "BUSCA E ATRAPA"





Cada escolar tivo que usar a súa rapidez para formar unha palabra de cada grupo de alimentos saudables, conseguindo en cada ronda unha das letras de unha sopa xigante de letras. Quen gañase podería probar un delicioso hummus de remolacha!




## "SALTO TERRA, MAR E AIRE"



Poñendo a proba a destreza física, fixemos un concurso de saltos onde quen saltase máis lonxe podería degustar unha rica receita de hummus de remolacha e, quen quedase segundo, contestaría unha pregunta relacionada con todo o visto ata hoxe.



## "EU MERCO"



Pasando por todas as letras do abecedario, cada escolar axudou a construír unha lista da compra saudable con alimentos moi variados. Usar a memoria para recordar a gran variedade de alimentos que existen, pode axudarnos a variar moito os nosos pratos!

**O PREMIO!:** cada escolar tivo a oportunidade de degustar un sabroso hummus de remolacha, un prato que contén unha lista de ingredientes saudables e que nos aportan os nutrientes necesarios. Ademais diso...está riquísimo!